

11 de febreiro de 2023

*Día Internacional da Muller
e a Nena na Ciencia*




Hipatia de Alejandría (370-416)



Hipatia foi unha filósofa e mestra neoplatónica grega, nada en Exipto, que destacou nos campos das **matemáticas** e a **astronomía**, sendo unha membra destacada da Escola neoplatónica de Alexandria a comenzos do século V.

A súa aportación máis importante foi o rexeitamento do xeocentrismo, defendendo a **Teoría Heliocéntrica**.



Sophie Germain (1776-1831)



Matemática francesa coñecida pola súa **Teoría dos números**. Ademais, achegou grandes avances na **Teoría da elasticidade**. Un dos seus traballos máis importantes foi o estudo dos que posteriormente foron coñecidos como *números primos de Sophie Germain*.



Marie Curie (1867-1934)



É probablemente a científica máis coñecida. Foi a primeira e única muller en recibir dous premios Nobel, un en **física** e outro en **química**. Os seus descubrimentos ao redor da **radioactividade** cambiaron para sempre a historia da física e a química. A ela débense o descubrimento de dous elementos: o **polonio** e o **radio**.




Lise Meitner (1878-1968)



Lise Meitner foi unha científica austríaca que formou parte do equipo que descubriu a **fisión nuclear** en 1938, xunto co seu sobriño, o físico Otto Hahn. Por este logro, Otto Hahn recibiu o Premio Nobel. Albert Einstein eloxiouna como a "Marie Curie alemá".

Meitner recibiu moitos premios e honras ao final da súa vida, pero non compartiu o **Premio Nobel de Química** de 1944 pola fisión nuclear, que foi concedido exclusivamente a Otto Hahn.



Emmy Noether (1882-1935)




É unha das mais relevantes mulleres **matemáticas** da historia, unha verdade que afirmou o mesmo Einstein. Esta alemá logrou grandes avances sobre **física teórica** e **álgebra abstracta**, especialmente nas **Teorías dos aneis, grupos e campos**.

$$\frac{d}{dt} \left(\sum_a \frac{\delta L}{\delta \frac{dq_a}{dt}} \delta q_a \right) = 0$$

Barbara McClintock (1902-1992)



Foi unha científica cuxas investigacións foron esenciais para o mundo da **xenética**. Os seus traballos foron, durante anos, inxustamente tratados, ata que 30 anos máis tarde obtivo o merecido recoñecemento cun Premio Nobel que poñía en valor a súa **Teoría dos xenes saltaríns** presentes no millo, que revelaba a capacidade destes para saltar entre cromosomas, un concepto que hoxe é básico no desenvolvemento da xenética.



Antonia Ferrín (1914-2009)



É unha **científica galega** de moito prestixio. Foi a primeira muller en defender unha **Tese de Astronomía** en España. Ocorreu en 1963, cando Antonia Ferrín xa era **Licenciada en Química, Farmacia e Matemáticas**.



Rosalind Franklin (1920-1958)



Biofísica e cristalógrafa. O seu traballo foi fundamental na comprensión da **estrutura do ADN**. Foi a primeira persoa que conseguiu imaxes tomadas con raios X desta estrutura de dobre hélice. Este avance, con todo, non foi recoñecido. Anos máis tarde, outros dous científicos valéronse del e obtiveron o Nobel de Medicina. Rosalind, xa falecera.



Jane Goodall (1934)




É unha **etóloga** (rama da ciencia que estuda o comportamento animal) inglesa nada en 1934, que actualmente ten 89 anos e que demostrou que **os chimpancés teñen emocións**, recibindo así o Premio Tyler aos logros ambientais.



Lynn Margulis (1938-2011)



Foi unha destacada **bióloga** estadounidense, considerada unha das principais figuras no campo da **evolución biolóxica**. Propuxo a **Teoría Endosimbiótica**, que explica a **orixe das células eucariotas**.



Margarita Salas (1938-2019)



Margarita Salas naceu en Asturias en 1938. Doutorada en Bioloxía pola Universidade de Madrid, traballou durante tres anos con Severo Ochoa na Universidade de Nova York, centrando a súa investigación no campo da **bioloxía molecular**. Unha das súas principais contribucións á ciencia foi o **descubrimento da ADN polimerase**, que é a enzima responsable da replicación do ADN.



Marisa Castro (1955)



É unha **bióloga, profesora universitaria e investigadora galega**. Especialista en **micoloxía** (rama da bioloxía adicada ao estudo dos fungos), é unha das maiores estudosas da **botánica** de Galicia. Foi vicepresidenta da Sociedade Galega de Historia Natural de 1980 a 1986 e presidenta do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire.



11 de fevereiro de 2023

*Día Internacional da Muller
e a Nena na Ciencia*

